

ID#596

Leduzo - Cerqueda - Malpica de Bergantiños, 1980-03

Informantes: Calviño (45) e Celestino (40)

Compiladora: Dorothe Schubarth

Transcripción: Isabel Vigo



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Continuación do corte anterior: MPG_SchSa_0141_001_en_Ponteceso_V_1_1_id595

Calviño:

...por un lado
que eu non tou tonto tampouco
podemos seghila ruta
e aínda falta polo outro;

Celestino:

E logho eu que che dixen
bueno é Dios que te pintou
que foi correndo na cinta
hai pouco que se empezou;

Calviño:

Válghame Nostro Señor
que enganadiño eu estaba
a cinta pouca non é
leva Ghalicia gravada;

Celestino:

Quen a ver nunha terra
que esta terra non é nosa
cando sintas no estranxeiro
pois esta voz que é nosa;

Calviño:

Vou perghúntarche unha cousa
ti foches por aí adiante
pro nunca ghravaches cintas
nunca chas puxeron diante;

Celestino:

Eu nunca gravei nas cintas
que eu non as quixen gravar-e
tamén eu para estas cousas
ninguíen me veu invitar-e;

Calviño:

O, ti foches a Suíza
e máis volveches pra acó
donde veu esta señora
púdeches gravar aló-e;

Celestino:

Se me conocera aló-e
que deso xa non me estraña
habíanos de arreghlar-e
pro eu xa non volvo a España;

ID#596



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Calviño:

Na miña vida tal vin
non vin cousa coma ela
abandona a Generosa
e quedaba aló con ela;

Celestino:

Anque non quede con ela
co detalle xa eu o vin
se cadra buscaba ioutra
que valera para min;

Calviño:

Home por Nostro Señor
non estamos na terra nosa
logho quedaste en Suíza
abandonas Generosa;

Celestino:

Porque mira polo mundo
que así fan os homes pillos
ti mira que Generosa
que quedaba aí cos fillos;

Calviño:

Ai válghame Dios Celestrino
que pícaro me saliches
pois marchaches a Suíza
neso non te decidiches;

Celestino:

Home eu marchei pra Suíza
que fun un home formal
foi unha disghracia miña
non entender o personal;

Calviño:

Algunha díxoche algho
cousas que ti non sabías
que foses dormir con ela
pro ti nunca ma entendías;

Celestino:

Eu non entendín a nadie
ighual que Montevideo
que hasta o asunto da roupa
túvena que lavar eu;

Calviño:

Pois vaia vida tan mala
que eu esa xa na quería
porque eu pra lavar a roupa
eu unha muller quería;

ID#596



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Celestino:

Como eu non entendía
que eu heite desengañar-e
falaban á súa forma
pro eu tiña que lavar-e;

Calviño:

Cando lavábala roupa
ti naquel río tan lixeiro
había de haber suizas
que te chamaban papeiro;

Celestino:

Neso tás equivocado
que o detalle xa o vin
neso hai moitos papeiros
que lavaban coma min;

Calviño:

Ti mira pra estes ghalleghos
que verghonza teñen pouca
como pra muller non valen
pois lavan eles a roupa;

Celestino:

O que pasa é un conto
que hai que pásalo traballo
que vós non vos dades cuenta
nunca salistes de Tallo;

Calviño:

Pra salir desa maneira
pois vale máis non salir-e
andas ceibo polo mundo
non sabes pra onde has dir-e;

Celestino:

Eu vivía nunha casa
ten un punto de razón
donda min vivían máis
que cen homes de razón-he;

Calviño:

Nunca polo mundo fun
voucho contar de contado
ai porque a miña patrona
non me soltou do seu lado;

Celestino:

Eu padezo ao corazón-he
que deso xa non me estraña
que se tou san coma ti-e
eu non paro por España;

ID#596



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Calviño:

Pois eu tou mui ben aquí
cantando nun camarín
porque as rapaciñas novas
choran todas cara min-he;

Celestino:

Que recoño han de chorar-e
tes ti bo de comediante
como han chorar pa ti
vin polos montes adiante;

Calviño:

Choran todas cara min
e moita pena me da
vaía o pobre Calviño
cheghou a necesidá-e;

Celestino:

Que máquina de cortar-e
que eu falo á miña maneira
ti polos montes adiante
zorreghándolle á madeira;

Calviño:

Cortando pinos dos ricos
e máis heinos cortar ben
sen lle partir os pequenos
cos pobres xa non os ten-he;

Celestino:

Córtalle os pinos pequenos
heiche dicir unha cousa
que eu sei de ben peduanos
que non te queren na chousa;

Calviño:

Pro como me han de querer
eu acéptolle o Belén
que máis deles non me queren
porque chousas non as ten-he;

Celestino:

Foches cortar uns asuntos
que eso ti nono decías
seica o jodeches ben-he
alí á Antonio de Elías;

Calviño:

Antonio é bo cristiano
por certo paghoume ben
douche almorzo e maila cea
mailo xantar tamén-he;

ID#596



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Celestino:

Pois polo visto Calviño
del seica non te escapaches
que che dou algo menos cartos
recoño que ti trataches;

Calviño:

Doume vinte pesos menos
fui porque eu me encañei
pro cando volva de volta
se podo xa cobrareí-e;

Celestino:

Neso tás equivocado
eu heite desengañar-e
que busque outro cortador
que non te volve chamar-e;

Calviño:

Pois nese caso fai ben
díghocho de boa ghana
que eu teño onde ir traballar-e
e él dame pouca fama;

Celestino:

Polo visto alí Antonio
xa sábelo que fixeches
que polo visto sentín
Calviño moito o jodeches;

Calviño:

Eu corteille moitos pinos
ben cedo pola mañán
haille que afincar moi duro
que táboas xa non as dan-he;

Celestino:

Os pinos eran delghados
que chova que vaia frío
pro polo visto Calviño
un pouco seica o jodiu;

Calviño:

Ti tes ghana de saber-e
que eu enténdote moi ben
pro eu ghárdoche o secreto
que non llo digho a ninguén-he;

Celestino:

Home parece mentira
que eu fáloche pola lei
escusas de ghardar nada
que ese conto xa o sei;

ID#596



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Calviño:

Ti saber non sabes nada
polo que voucho contar-e
ti contáronche a mentira
tuvéchela que tragar-e;

Celestino:

Ou contáronme a verdá
con eso non te rabuño
non teas equivocado
que me din todo de Buño;

Calviño:

Os de Buño son moi listos
hai alghún boa persona
xa para eso votan todos
de que viva o Barcelona;

Celestino:

De que viva o Barcelona
ben o sabes que é así
e ti taslle preghuntando
que viva o Real Madrid;

Calviño:

Porque máis listos ca eles
eu culpa non lla teño
desde que entendín de fútbol
eu sempre fun madrileño;

Celestino:

Heiche decir unha cousa
que vas tocando o harmonio
centella te ha de comer-e
se cheghas a par de Antonio;

Calviño:

Ghústame o Real Madrid
ese equipo si que é meu
que foi do mellor do mundo
mentres viviu Bernabeu;

Celestino:

Vouche dicir unha cousa
non pases tanto traballo
que recoño ha de entender-e
pa un que naceche en Tallo;

Calviño:

Eu nacer nacín en Tallo
e a ti non te rabuño
pro no asunto do fútbol
eu doulle clase aos de Buño;

ID#596



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Celestino:

Foches alí moitas veces
ben o sabes que é así
e de moito dos que hai en Buño
moito se riron de ti;

Calviño:

Algunha caixa de cervezas
nacendo así ghalopín
a alghún listo que hai en Buño
ben veces xa lla jodín-he;

Celestino:

Joderíaslle a cerveza
que eu heite desengañar-e
ca lástima que lle dabas
que cha quixeron pagar-e;

Calviño:

Paghar aínda na pagharon
xa por decilo así
son apertados da unllas
pásalle o mesmo que a ti-e;

Celestino:

Neso tás equivocado
non pases tanto traballo
que eu creo que son máis ancho
que todos os lambóns de Tallo;

Calviño:

Ti ancho por donde és
ti serás pelo embigho
ti enténdeme as palabras
e vai por onde che eu digho;

Celestino:

Ti mira ben co de Buño
e públicocho así
porque hai moito de Buño
que son máis anchos ca ti;

Calviño:

Os de Buño non me ghustan
que eu xa pasei de rapás
non che dín as cousas claras
e máis dínchas por detrás-e;

Celestino:

Ai non vivas enganado
se o sei non cho decía
pero todo no ha ser
como Juan de Mandía;

ID#596



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Calviño:

Eu non nomebrei a ninguén
noutro lado nin aquí
ti non discurras os nomes
despois a culpa é para ti-e;

Celestino:

Ven sabes que un día alí
se o sei non cho decía
que antes de tocarlle neso
mira como se ría;

Calviño:

Empezouse a menear
non taba no camarín
pa ser vello como era
na miña vida tal vin-he;

Celestino:

Home parece mentira
hai un punto de razón
tan pronto como explicamos
o conto de maricón;

Calviño:

Foi ó falar esa historia
encima do camarín
eu botei na man pa tras
pensei que se viña a min-he;

Celestino:

Ó a ti nunca se iba
con esto non me rebaixo
non veu arriba do coche
porque o home quedaba en baixo;

Calviño:

Tratando con esa xente
ti aténdeme a razón
andando con eses bichos
sempre hai que ter precaución-he;

Celestino:

Heiche decir un detalle
non sabes o que se pasa
víralo falar comigo
o darlle a chave da casa;

Calviño:

Cinta do meu corazón
nacéchesme de bo ghando
tou cantando toda a noite
non a vexo terminando;

ID#596



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Celestino:

Aghuárdame a min Calviño
bueno Dios que te pintou
vai indo pouquiño a pouco
que hai pouco que se empezou;

Calviño:

Miña cabeza querida
eu cara así na sabía
ter que cantar sin pensalo
toda a noite e todo o día;

Celestino:

Vai indo á túa maneira
de xente traballadora
que viviches enganado
que te enganou a señora;

Calviño:

A señora non me encaña
que naciu por outro lado
ela cambiou na cinta
virouna do outro lado;

Celestino:

Neso tuvo a razón
que eu falo á miña maneira
pro ti tabas enganado
pensabas que era a primeira;

Calviño:

Eu pensei que era a primeira
pois claro que o pensei
que xa iban tres en ruta
eu aínda nunca o pensei-e;

Celestino:

Aghora imos con dúas
non seas apampanado
ca primeira xa pasou
imos co seghundo lado;

Calviño:

Na miña vida tal vín
ese conto terminou
e logho ela todas as cintas
ela onde as topou;

Celestino:

As cintas viñan saghradas
que heino declarar-e
porque dentro da carteira
ela nas quixo ensinar-e;

ID#596



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Calviño:

E así pouquiño a pouco
fai coma os de Bouza Cova
mentras mira un para outro
ela pónnos cinta nova;

Celestino:

Home daquela Calviño
non seas tan aparbado
se pon unha cinta sola
que pode levar ghravado;

Calviño:

Logho a cinta donde chegha
sin chaqueta nin rabuzo
como daquí a Pozacas
ou xa se queda en Leduzo;

Celestino:

A cinta é moi ben largha
a pesar do meu traballo
que pasa dos Bugalleiras
se cadra aínda chegha a Tallo;

Calviño:

Pra que quererá tanta cinta
na miña vida tal vin
daquela sexa tan largha
deixame un anaco a min-he;

Celestino:

Un anaco non cho dá
que eu falo á miña maneira
que cando marche praquí
quere levar a cinta enteira;

Calviño:

Daquela vai ca túa ruta
que eu xa entendo o Belén
e cantemos toda a noite
que nos leve a nós tamén-he;

Celestino:

Lévenos pro estranxeiro
que eu non llo hei de neghar-e
que hasta marcho eu con ela
cando me queira levar-e;

Calviño:

Moi boas noites Manolo
eu xa pensei que non viñas
inda topaches na casa
aquí ás mesmas nabiñas;

ID#596



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Celestino:

Manolo aghora xa o digho
que vou pisando nas pozas
míralle cara o zapato
disque quer marchar pras mozas;

Calviño:

Marchar pras mozas agora
non che entendo o teu Belén
dime a verdá afillado
eu supoño que xa ven-he;

Celestino:

Inda non marchou para i-elas
desengañate Calviño
e vai chimpando no carto
que lle tes que ir de padriño;

Calviño:

Cando se queira casar-e
eu penso de ir moi contento
heille de dar un reghalo
e máis pagho o casamento;

Celestino:

Ti casa lixeiro Manolo
que eu heite desengañar-e
teu padriño tá contento
tela moza por buscar-e;

Calviño:

Eu quería o casamento
xa teño carto xuntado
o mal todo é del
que non dá eso arreghlado;

Celestino:

Se na quer que él non quere
que eu heite desengañar-e
porque se quere a muller
logho a pode buscar-e;

Calviño:

Pro non quere unha calquera
que él quere unha señorita
e como é pra conveniencia
pois quere unha tipa rica;

Celestino:

Ti no na queiras moi rica
millor verdá non na i-hai
que se ven con moito orghullo
non se dá con túa nai;

ID#596



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Calviño:

Non se dá con túa nai
sin mirarlle a pinta dela
ti se non a vés contenta
enfía pra casa dela;

Celestino:

Así xa o eu facía
millor verdá no na i-hai
se non marcha ó meu xeito
que volva pra onda seu pai;

Calviño:

Eu xa penso ir de padriño
díghocho sin camarín
se non se dá con Manolo
ti mándaa pra xunta min-he;

Celestino:

Non vivas equivocado
que eu heite desenganar-e
que che marcharon os bríos
e no na vas humildar-e;

Calviño:

Eu morder heina morder-e
e por certo ben contento
como non hai ferramenta
aínda lle dura máis tempo;

Celestino:

O non teres ferramenta
amodiño ou a correr-e
anque lle mórdala crista
máis non lle podes facere;

Calviño:

Pro eu díghoche a verdá
que eu hoxe aquí non estou solo
e así que a morda ben
volve pra par de Manolo;

Celestino:

Home parece mentira
que és un home natural
ó mordela desa forma
vaslle tronzar no...

Calviño:

Vou decirche unha cousa
son o lambón de Calviño
ti si non che anda ó dreito
mánda pa onda teu padriño;

ID#596



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Celestino:

Home parece mentira
coa túa salamaia
creo que vas hasta Cota
se aínda che dura esa idea;

Calviño:

Neso tou pior ca i-antes
e máis no queres creer-e
a carallada máis ghrande
foi o marcharme o poder-e;

Celestino:

Era unha suerte a túa
coa túa salamaia
porque se ti eu poder-e
debía ir coa idea;

Calviño:

Eso pídollo a Dios
pero él non me entendi ben
xa que me leva o poder
quitarme a idea tamén-he;

Celestino:

Neso fálame moi ben
que te trato como digho
pro daquela desa forma
vas caendo ao que che eu digho;

Calviño:

Non caio nin máis nin menos
que caín da burra embaixo
porque ti ves cousas raras
mórdelo labio debaixo;

Celestino:

Eu coa idea que teño
ou amodo ou a correr-e
porque eu vexo cada cousa
que eu non paro de mordere;

Calviño:

E ti como has de parar
acórdaste que foches mozo
e aghora ves as parexas
agharradas ao pescozo;

Celestino:

Eu vexo esas parexas
coa mía salamaia
boto as mans á cabeza
porque eu teño a mesma idea;

ID#596



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Calviño:

Quedas un pouco pensando
falando as cousas a reo
é méteseche entre as cornas
que apampanado fun eu-e;

Celestino:

Neso disme unha verdá-ie
e que é no camarín
porque pensando esas cousas
cantos planes non perdín;

Calviño:

Case os perdeches todos
que eu polo mundo xa fun
despois á volta de tarde
ven a aghárrarte a un-he;

Celestino:

Agharrábame de vez-e
non quedaba por cobarde
que agora quedo pensando
ahora pa min e tarde;

Calviño:

Home claro que é tarde
bueno a nai que me pariu
cando recorda a cabeza
xa é cando anoiteciu-e;

Celestino:

Anoiteciu de todo
amodiño ou a correr-e
e se pensas esas cousas
que carallo vas facer-e;

Calviño:

Pro non podes facer nada
deíghocho de contadiño
porque anque te ceiben solo
non topas ningún camiño;

Celestino:

Non é mentira ningunha
que eu heite desenganar-e
que sales polo carreiro
se cadra vaste enganar-e;

Calviño:

Hasta máis tarde Manolo
aténdelle a teu padriño
este por facer compañía
quere beber un pouquiño;

ID#596



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Celestino:

Bótalle aí unha copa
para acabar de contadiño
fai un pouco de compañía
ó que che di teu padriño;

Calviño:

Ghíate por teu padriño
fai ighual co caracol
pro os homes do volante
non poden tocar alcol-e;

Celestino:

Se non tomas máis ca ese
eu heite desengañar-e
ti non toques noutra cousa
que aí non vas pelighrar-e;

Calviño:

Case tamos cabreados
sin ordenar de marchar
e se botamos máis tempo
habemos de agherrear-e;

Celestino:

Neso ti falas moi mal
que te teño como amigho
prefiero perder un pouco
antes de aghriar contigho;

Calviño:

Pois hoxe tou en Leduzo
queríame pelear-e
porque hasta o afillado
pras mozas non quer marchar-e;

Celestino:

Eu tamén comprendo eso
a pesar do meu traballo
dunha vez que tás solo
quérete levar a Tallo;

Calviño:

Ti perdóname afillado
que eu ben sei no que se pasa
ti vai arreghlar a nena
que eu ben vou sólo para casa;

Celestino:

Ai, pro díghoche eu un detalle;
que me dá ghana de rir-e
que che ten unha atención
solo non te deixa ir-e;

ID#596



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Calviño:

Que ma ten xa o eu sei
non sei porque debe ser-e
eu no hei de defraudar
porque o sei comprender-e;

Celestino:

Cando se case Manolo
que eu heite desenganar-e
vas pensando desde agora
o reghalo que lle has dar-e;

Calviño:

Eso xa o teño pensado
a ti non cho vou dicir-e
porque hei de falar con él
heille de dar a elegir-e;

Celestino:

Se che da moi pouca cousa
como deber comprender-e
ao demo do teu padriño
non llo debes de querer-e;

Calviño:

Anque ghasse dous mil duros
ou anque lle arrime tres
aínda hei de facela festa
pra día de San Andrés-e;

Celestino:

Pro si ti fas moita festa
co detalle vese ben
si invítalos teus amighos
daquela vou eu tamén-he;

Calviño:

Púedeche xa vir máis veces
que así eu ben o sei
non sei porque no no fixeche
que invitar ben te invitei-e;

Celestino:

Invitache anticipado
es un home de razón
maldito cousa dixeches
naquel día dacarón;

Calviño:

Eu non sei de que me falas
eu falei de San Andrés
eu se te invito e non vés
xa non te aviso outra vez-e;

ID#596



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Celestino:

Pro eso a min non me importa
que eu aghuanto o meu traballo
que eu tamén cheghei á festa
dunha vez que fun a Tallo;

Calviño:

Viñéches á miña casa
días que eu nin te invitei
non sei se o aghradecerías
eu mal nunca te tratei-e;

Celestino:

Eu cheghei á túa casa
e máis quero comprender-e
que un día que fun alí-e
non me faltou que comer-e;

Calviño:

Eso ímolo deixar
creete no que che eu digho
pa que ha de saber o mundo
o que pasa cun amigho;

Celestino:

Pro quero que eu o sepa
que eu hei falar pola lei
que eu cheghei á túa casa
pro fame nunca pasei;

Calviño:

Aínda na pasas se volves
díghocho sen camarín
daquela haina pros dous
non hai que comer para min-he;

Celestino:

Eu cheghei á túa casa
e mirei para túa i-ama
sabes ti o que pasou
foi con eles para cama;

Calviño:

Eso fixéchelo ben
aténdeme o que che eu digho
como eu servir no na sirvo
pois fai moi ben ir contigo;

Celestino:

Eu non chegho a ir para cama
pra acabar de contadiño
a máis dicir xa llo dixen
digho chéghame Calviño;

ID#596



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Calviño:

Ela pediu muita gherra
foi rapaza de bo ghando
agora anda algo arrastro
cos anos vanlle pasando;

Celestino:

Neso díghoche a verdá-ie
ti xa pénsalo que fais
pásalle nin máis nin menos
como lle sucede a máis-e;

Calviño:

Díxome unha vez un home
e faloume con bo tempo
non hai millor capador
Calviño ca-i o tempo.